

TRIBUNA LIBRE

# Mar de Lira



Eva Veiga

**A**bo seguro, un poeta alcanza a súa madurez cando é quen de desprenderse de toda retórica supérflua e trae ao poema as palabras xustas e necesarias; cando é quen de estilizar a realidade, non para ser outra senón para que sexa núa e verdadeiramente ela.

Non se trata de facer realismo -nada hai máis ilusorio que o realismo-, pola contra, é a tentativa de atopar a auténtica realidade, ao cabo, o propósito último da poesía.

E así, coidamos, acontece en *Mar de Lira*, o libro de poemas de X.F. Fernández Naval que ven de publicar en Edicións A Nosa Terra.

Mais, ¿como realiza o poeta ese encontro, esa revelación?:

Inaugurando unha realidade que non por máis acheda lle é menos inadmisibile; nomeándoa por primeira vez, facendo que desa convocato-

ria que é a palabra poética abrolle, ou quede ao descuberto, o seu ser sutilísimo, a esencia pura que contén a cifra do seu sentido, non como algo acabado ou explícito, senón como aquilo que está a suceder na inefable vibración que nos atravesa e nos toca nos adentros.

## O tremor da memoria

É o tremor da memoria *"quieta/ como garza pero non inmóbil"*. Non só da memoria personal ou da dun pobo senón aquela anterior ás mesmas palabras: *"Aquí/ a lentura/ facía medrar as cousas/ cando non eran cousas/ reproducía o berro/ cando só era regato..."*

Teño para min que esa substancia telúrica é o nome que anima esta paisaxe verbal de mar e argazos, mais presidida pola presenza do mítico Pindo e o seu pedregal: *noites noites eu soño cun refuxio alí./ no labirinto, en tregado a alentar nas palabras/ por lles dar forma...*

E, se cadra, a forma esencialmente poética das palabras é a súa música.

Como se a sonoridade do propio título afinase ás cordas que entretecen este libro, máis que ler miramos a extensión que nos abren as vogais e nos seus diptongos sentimos o abalar das ondas e sabemos que a balada ou a estirpe de homemar é unha fricción de consonantes xordas e sonoras.

Porque o mar fala de esperanzas e nostalxias e afectos e derrotas, e o home ten *"trallas de corazón"*, *"o seu alento é unha constancia de cons"* e *"a súa ledicia unha vertixe de mascatos"*.

O Mar é a grande presenza, tan inabarcable como esa ausencia ou refluxo que nos deixa, cousa innomeable.

En *Mar de Lira* as palabras din a verdade da vida dos homes e das mulleres que as veñen traballando, amando, temendo, agochando, arrebolando. Palabras que son tamén silencio, es-

trelas no Pedra Pas, eco ciclopeo cando a borraxeira, segredo dos fondos ou abrazo da saudade mesma.

Palabras luídas polo lonxínco río do tempo.

Palabras útiles que Fernández Naval recolle neste territorio tenso de ventos e de escumas e de illas e de cardume e de dor e de amizade e de amor.

Non para gardalas envoltas noutros significados, senón para levalas a vivir a un sitio alto: *"no bico dun canto"*.

Un canto no que por sempre vive xa *Mar de Lira*, abeirado de mareas negras, interres incendiarios, e outros que, quizais, virán.

Sobre ese agora calcinado chan, Fernández Naval finca non só o seu compromiso intelectual e afectivo coa Terra, senón que, e sobre todo, aventa os maravillosos versos dun gran poeta.